Emprego na Seguridade Social e mutualidades

Datos correspondentes ao ano 2025

Resumo de resultados 29/05/2026

Principais resultados

- En decembro de 2025 había en Galicia 1.095.473 afiliacións á Seguridade Social, ISFAS, MUFACE e MUGEJU de persoas con residencia na comunidade.
- O crecemento da afiliación foi positivo en todas as provincias, aínda que con diferente intensidade. Pontevedra rexistrou o maior aumento en afiliacións, cun 1,3%, seguida da Coruña cun 1,1%, Ourense cun 0,9% e Lugo cun 0,3%.
- Nos sete grandes concellos galegos aumentou o número de persoas afiliadas entre decembro de 2024 e decembro de 2025. En termos relativos, destacan Vigo cun aumento aproximado do 11,2%, A Coruña cun 9,6% e Santiago de Compostela cun 4,1%.
- O emprego afiliado concéntrase maioritariamente no sector servizos, que representa o 74,4% das afiliacións en alta laboral de persoas residentes en Galicia. A continuación sitúanse a industria, co 13,2%, a construción, co 7,2%, e a agricultura e pesca, co 4,5%.

1 Introdución

O principal obxectivo desta actividade estatística é coñecer o número de traballadores en alta laboral na Seguridade social e nas distintas mutualidades, Instituto Social de las Fuerzas Armadas (ISFAS), Mutualidad General de Funcionarios Civiles del Estado (MUFACE) e Mutualidad General Judicial (MUGEJU), por concello de residencia do traballador, así como a distribución segundo o sexo e a idade. Por outra banda, tamén se analizan as afiliacións nas distintas mutualidades en alta laboral en Galicia por concello e comarca de residencia da persoa afiliada e por sectores e seccións de actividade segundo a CNAE-2009.

Só se consideran as afiliacións de persoas que traballan e residen na Comunidade Autónoma de Galicia. Para obter o concello de residencia, crúzase o ficheiro de afiliación co Padrón municipal continuo do Instituto Nacional de Estadística (INE), naqueles casos onde sexa posible; noutro caso manterase o concello de residencia que figure no ficheiro de afiliación da mutualidade correspondente.

Para un mesmo traballador, poden figurar varias afiliacións en alta laboral, por exemplo, se ten varias actividades laborais nun mesmo réxime ou en varios. Cando se fala de afiliacións, cada traballador contabilízase tantas veces como situacións de cotización teña. Porén, para as táboas de persoas afiliadas, cada traballador contabilízase unha única vez.

2 Situación da afiliación á Seguridade Social e mutualidades en Galicia

Afiliacións á Seguridade Social e mutualidades en alta laboral. Galicia e provincias. Decembro de 2025
Unidade: Afiliacións

Espazo	2025/Decembro	Variación relativa respecto a 2024/Decembro(%)
Galicia	1.095.473	1,0
A Coruña	467.593	1,1
Lugo	129.762	0,3
Ourense	111.548	0,9
Pontevedra	386.570	1,3

Persoas afiliadas á Seguridade Social e mutualidades en alta laboral. Galicia e provincias. Decembro de 2025
Unidade: Persoas

Espazo	2025/Decembro	Variación relativa respecto a 2024/Decembro(%)
Galicia	1.054.276	1,0
A Coruña	450.207	1,1
Lugo	124.005	0,2
Ourense	107.194	0,7
Pontevedra	372.870	1,3

Fonte: IGE. Emprego na Seguridade Social e mutualidades. Descarga das táboas (Afiliacións) (Afiliados).

En Galicia, en decembro de 2025, rexistráronse 1.095.473 afiliacións á Seguridade Social, ISFAS, MUFACE e MUGEJU. En canto a persoas afiliadas, rexistráronse 1.054.276 persoas afiliadas nas distintas mutualidades. Con respecto ao mesmo mes do ano anterior, tanto as afiliacións coma as persoas afiliadas aumentaron un 1%.

Se se fai unha análise por mutualidades, pódese observar que as afiliacións á Seguridade Social incrementáronse en decembro de 2025 un 1,3%, con respecto a decembro do ano anterior, mentres que as afiliacións nas mutualidades estudadas diminuíron un 6,7%.

Afiliacións á Seguridade Social e mutualidades en alta laboral. Galicia
Unidade: Afiliacións

	2024/Decembro	2025/Decembro	Variación relativa (%)
Afiliacións totais	1.084.093	1.095.473	1,0
Afiliacións á Seguridade social	1.045.728	1.059.682	1,3
Mutualidades	38.365	35.781	-6,7

Fonte: IGE. Emprego na Seguridade Social e mutualidades. (descarga da táboa).

3 Persoas afiliadas por sexo e grupos de idade

Para medir a estrutura da poboación afiliada á Seguridade Social e mutualidades en alta laboral constrúese o seguinte indicador de estrutura: poboación afiliada de 40 ou máis anos, dividido entre a poboación afiliada de 16 a 39 anos multiplicado por cen.

Outro indicador tomado das estatísticas demográficas é o de taxa de substitución da poboación afiliada (cociente entre a poboación afiliada menor de 25 anos e a poboación afiliada maior de 55 anos, multiplicado por 100). Este indicador utilízase para comparar a poboación que acaba de ingresar como cotizantes ao sistema da Seguridade Social e mutualidades coa que está en idade próxima a abandonalo e pasar á situación de pensionista.

Persoas afiliadas á Seguridade Social e mutualidades en alta laboral. Galicia e sete grandes concellos. Decembro de 2025
Unidade: Persoas, porcentaxes

Espazo	2024/Decembro	2025/Decembro	% sobre o total 2025/Decembro
Galicia	1.043.859	1.054.276	100,0
A Coruña	99.558	100.988	9,6
Ferrol	21.279	21.590	2,0
Santiago de Compostela	43.081	43.354	4,1
Lugo	41.477	41.800	4,0
Ourense	40.959	41.658	4,0
Pontevedra	33.163	33.468	3,2
Vigo	115.904	117.995	11,2

Índice de estrutura e taxa de substitución da poboación afiliada. Galicia e sete grandes concellos. Decembro de 2025
Unidade: Porcentaxes


Espazo	Índice de estrutura da poboación afiliada	Taxa de substitución da poboación afiliada
Galicia	234,5	18,1
A Coruña	211,0	18,8
Ferrol	234,5	19,0
Santiago de Compostela	236,7	14,2
Lugo	239,8	16,6
Ourense	222,3	17,2
Pontevedra	256,0	15,9
Vigo	228,1	19,3

Fonte: IGE. Emprego na Seguridade Social e mutualidades (descarga da táboa).

En decembro de 2025, por cada 100 persoas afiliadas á Seguridade Social e mutualidades en alta laboral menores de 40 anos, residían en Galicia 234,5 traballadores maiores desta idade. Dos sete grandes concellos galegos, Santiago de Compostela, Lugo e Pontevedra, presentaban, para este indicador, valores superiores á media galega, que variaban desde 256 no concello de Pontevedra ata 236,7 en Santiago de Compostela.

En Galicia, por cada 100 persoas que están en idade próxima a abandonar o mercado laboral, contabilízanse 18 persoas que acaban de ingresar no mercado.

Persoas afiliadas á Seguridade Social e mutualidades en alta segundo sexo e grupos de idade. Galicia. Decembro de 2025



Persoas afiliadas á Seguridade Social e mutualidades en alta laboral segundo sexo. Galicia e sete grandes concellos. Decembro 2025

Unidade: Persoas, porcentaxes

Espazo	Total	Homes	Mulleres	% Mulleres
Galicia	1.054.276	533.663	520.613	49,4
A Coruña	100.988	48.739	52.249	51,7
Ferrol	21.590	10.936	10.654	49,3
Santiago de Compostela	43.354	20.858	22.496	51,9
Lugo	41.800	19.700	22.100	52,9
Ourense	41.658	19.607	22.051	52,9
Pontevedra	33.468	16.138	17.330	51,8
Vigo	117.995	57.741	60.254	51,1

Fonte: IGE. Emprego na Seguridade Social e mutualidades (descarga da táboa).


En decembro de 2025 o 49,4% das persoas afiliadas en Galicia son mulleres. O grupo de idade con maior número de persoas afiliadas corresponde á idade de 45-49 anos, tanto no caso dos homes como no das mulleres. Nos sete grandes concellos, a porcentaxe de mulleres superou á dos homes agás en Ferrol, donde a porcentaxe de mulleres foi inferior e situouse no 49,3%.

4 Afiliacións por actividade

As 1.095.473 afiliacións que houbo en Galicia en decembro de 2025 repártense entre Agricultura e pesca (4,5%), Industria e enerxía (13,2%), Construción (7,2%), Servizos (74,4%). Ademais, temos unha pequena porcentaxe das afiliacións (0,7%) que non foi posible asignar a ningún sector por falta de información ao respecto.

Afiliacións en alta laboral de residentes en Galicia por sectores de actividade. Decembro de 2025

Unidade: Porcentaxe




Fonte: IGE. Emprego na Seguridade Social e mutualidades (descarga da táboa).

Por seccións de actividade destacan a rama do comercio co 16,2% do total de afiliacións e a rama da industria manufactureira que posúe o 12,3% do total de afiliacións.

Afiliacións en alta laboral de residentes en Galicia por seccións de actividade. Decembro de 2025


Unidade: Porcentaxe



Fonte: IGE. Emprego na Seguridade Social e mutualidades (descarga da táboa).

O sector servizos aglutina o maior número de afiliacións (74,4%). O mapa seguinte reflexa o peso das afiliacións nos servizos por concello de residencia e amosa un maior peso nos sete grandes concellos e nos seus municipios limítrofes. Cabe destacar Santiago de Compostela e A Coruña, onde o 87,9% e 86,1% das afiliacións existentes a finais de decembro do ano 2025 correspondían ao sector servizos.

Afiliacións en alta laboral nos servizos. Decembro de 2025
Unidade: Porcentaxe



Taboa dos 15 concellos de Galicia con maior porcentaxe de afiliacións en alta laboral nos servizos. Decembro de 2025
Unidade: Porcentaxes

Espazo	% Afiliacións servizos
Santiago de Compostela	87,9
A Coruña	86,1
Ames	84,5
Lugo	84,1
Oleiros	83,6
Pontevedra	83,2
Sada	81,8
Ourense	81,8
Mondariz Balneario	81,5
Teo	81,3
Culleredo	81,1
Ferrol	80,6
Castrelo do Val	80,2
Cambre	80,1
Monforte de Lemos	80,1

Fonte: Emprego na Seguridade Social e mutualidades (descarga da táboa).

5 Definicións, metodoloxía, fontes e máis información

Definicións

- Definicións

Metodoloxía

- Metodoloxía

Descarga de datos

- Persoas afiliadas á Seguridade Social e mutualidades segundo o concello de residencia, o sexo e a idade
- Afiliacións á Seguridade Social e mutualidades en alta laboral segundo o concello de residencia do afiliado e o sector de actividade (CNAE-2009)
- Afiliacións á Seguridade Social e mutualidades en alta laboral segundo a comarca de residencia do afiliado e sección de actividade (CNAE-2009)

Fontes de información

IGE. Emprego na Seguridade Social e mutualidades